

“A AUGA NON É UN BEN ESCASO, É QUE SOMOS DEMASIADOS”, AFIRMA MARTÍNEZ GIL EN MELIDE

- **As VI XORNADAS CIENCIA E TERRITORIO: A AUGA, USOS E ABUSOS (II)**, inauguráronse hoxe en Melide coa presenza de **FRANCISCO JAVIER MARTÍNEZ GIL**, un dos máis destacados especialistas españois na materia.
- Para este Catedrático de Hidroxexoloxía da Universidade de Zaragoza, **NON É QUE A AUGA SEXA UN BEN ESCASO, SENÓN QUE SOMOS DEMASIADOS**, igual que a Terra non é escasa tampouco. De aí a necesidade dun uso racional da auga e do respecto ao medio.
- Para **AVELINO NÚÑEZ DELGADO**, profesor da USC, **O RECENTE VERTIDO NO RÍO CATASOL EN MELIDE CONSTITÚE UN PEQUENO PRESTIGE**, máis fácil de acoutar pero con efectos tamén dramáticos nunha escala ben delimitada.
- A alcaldesa de Melide **SOCORRO CEA** relacionou o desenvolvemento das Xornadas Ciencia e Territorio por sexto ano consecutivo co labor da **XERACIÓN NÓS** e do **SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS** na comarca da Terra de Melide.

MELIDE, 9 DE SETEMBRO

A Alcaldesa de Melide **SOCORRO CEA** presidiu hoxe a inauguración das **VI XORNADAS CIENCIA E TERRITORIO**, que baixo o subtítulo de **A AUGA: USOS E ABUSOS (II)** se van desenvolver na localidade durante tres días. Durante a súa intervención, na cal estiveron presentes o Presidente de Nova Escola Galega **Xosé Lastra**, o inspector de zona, **Manuel Reboredo**, a Directora do IES Melide **Margarita Quintela** e a coordinadora das Xornadas **Carme Santos**, a máxima autoridade municipal puxo en relación o desenvolvemento, ano tras ano, das Xornadas co traballo de estudo rigoroso da comarca iniciado na década dos vinte pola **Xeración Nós** e polo **Seminario de Estudos Galegos**. Todas estas iniciativas, e outras desenvolvidas sucesivamente ao longo do século XX fan que, en palabras da alcaldesa, a Terra de Melide sexa unha das comarcas máis e mellor estudadas de Galicia.

A conferencia inaugural da sexta edición das Xornadas estivo a cargo do Catedrático de Hidroxexoloxía da Universidade de Zaragoza **FRANCISCO JAVIER MARTÍNEZ GIL**, quen disertou sobre “unha nova cultura da auga”. Na súa intervención fixo fincapé na dimensión integradora da auga no proceso vital do ser humano. Desde esta óptica, os ríos non deben ser ollados como recurso nin como fonte económica, senón como fonte de pracer para o ser humano. En palabras deste investigador, **a auga non é un ben escaso**, senón que somos nós mesmos os que provocamos que si o sexa na práctica por pretender chegar máis alá das posibilidades que a auga nos ofrece. Precisamente por iso é preciso deseñar unha nova maneira de entender o progreso, e unha forma de benestar non só física, senón psíquica que nos faga gozar co que nos rodea.

“Contaminación difusa da auga: o caso dos xurros” foi o título da conferencia impartida polo profesor de Departamento de Edafoloxía e Química Agrícola da Universidade de Santiago **AVELINO NÚÑEZ DELGADO**. Durante a súa intervención, este especialista na problemática ambiental fixo fincapé nos diferentes tipos de contaminación, a difusa (polo tanto, non puntual) e a ocasional, as dúas perigosas pero diferentes. En Galicia medrou a preocupación pola contaminación difusa a partir da década dos 80, cando empezaron a aparecer

investigacións sobre a cuestión da man de pioneiros como o profesor Díaz Fierros. Tanto na propia intervención do relator como no coloquio posterior, foi posta de manifesto a necesidade de poñer couto aos procesos de contaminación, sexan dunha índole ou doutra. Para o profesor Núñez Delgado, realidades como **o recente verquido no río Catasol en Melide constitúen pequenos *Prestige*, máis fáciles de acoutar pero con efectos igualmente dramáticos.**

Na xeira de tarde, os preto de **70 asistentes** ás VI Xornadas Ciencia e Territorio visitaron as minicentraís eléctricas de Portodís e Portochao e assistiron á conferencia impartida polo profesor da Facultade de Económicas da USC **XOSÉ RAMÓN DOLDÁN GARCÍA**, sobre a auga como recurso enerxético.

Na xornada de mañá intervirá, entre outros, o profesor da USC **AUGUSTO PÉREZ ALBERTI**, e desenvolverase un obradoiro de cartografía e fotointerpretación dirixido polo tamén profesor da USC **RAMÓN BLANCO CHAO**.